

ÍNDICE

CONDICIONANTES	2
1 ESTUDO DA ZONA	2
1.1 Zona	2
1.2 Altitude	3
1.3 Clima.....	3
1.4 Solo	6
1.5 Auga.....	7
2 NORMATIVA APLICADA A ESTA ACTIVIDADE.....	8

CONDICIONANTES

1 ESTUDO DA ZONA

1.1 Zona

A inserción do municipio dentro da área metropolitana da Coruña, fai que este territorio se atope en continua transformación debido sobre todo ás dinámicas económico-sociais dos últimos cincuenta anos.

Estas transformacións fan que desde un punto de vista paisaxístico se mesturen zonas rurais con crecementos contemporáneos. A progresiva urbanización do territorio co aumento do turismo estival a partir dos anos sesenta e coas novas formas de residencia son parte das causas. Así, antigas terras de labor hoxe abandonadas, deron paso a novas paisaxes dominadas pola presenza de especies forestais de crecemento rápido, principalmente o piñeiro do país (*Pinus pinaster*) e o eucalipto (*Eucalyptus globulus*).

Os asentamentos tradicionais, moi vencellados aos viarios que os comunican entre si e cos concellos limítrofes, tamén experimentaron un gran crecemento, a través da construción dunha grande cantidade de vivendas unifamiliares e de urbanizacións residenciais, que podemos observar dando un corto paseo pola parroquia.

Dentro desta paisaxe tan alterada, aínda quedan zonas con riqueza vexetal e forestal, que actualmente constitúen o referente medioambiental, paisaxístico e turístico da zona.

Na vexetación que podemos atopar predominan as especies acidófilas como: carballos (*Quercus robur*), acevos (*Ilex aquifolium*), castiñeiras (*Castanea sativa*), loureiros (*Lauris nobilis*) e sobreiras (*Quercus suber*).

En liñas xerais a superficie repártese entre cultivos forestais, prados e manchas de matogueira.

Existen diferenzas entre os prados presentes no ámbito. Por unha banda, os chans cunha drenaxe deficiente orixinan prados de pouca calidade nos que predominan especies como *Holcus lanatus*, *Senecio aquaticus* ou *Juncus acutifolius*. Por outra banda, sobre os chans fértiles, desenvólvense os prados de maior calidade con especies como *Lolium multiflorum*, *Festuca rubra*, *Poa annua* e *Cynosurus cristatus*.

A matogueira predominante na zona está constituído principalmente por toxo (*Ulex europaeus*) e brezos (*Erica cinerea*, *Erica ciliaris*), ademais doutros arbustos de carácter acidófilo. Entran tamén neste grupo a vexetación que se desenvolve nos bordos dos camiños e dos cultivos na que predominan enredaderas como as zarzas (*Rubus sp.*) ou a madreSelva (*Lonicera peryclimenum*).

1.2 Altitude

Aínda que a altitude media da parroquia está situada entono os 130 m. sobre o nivel do mar a parcela obxecto deste proxecto situase na parte baixa da parroquia a uns 90 m. Sobre o nivel do mar.

Está situada nunha ladeira orientada o este. A parcela ten tramos cunha pendente suave de 3-5% e outros cunha pendente suave de entre o 5-10 %.

1.3 Clima

Para a clasificación climática do concello utilizáronse datos da Estación Climatolóxica de A Coruña dada a súa proximidade física.

- Latitude: 8°25'10''
- Lonxitude: 43°22'02''
- Altitude: 58 m.

Ano 2012

	Temp. media do aire (°C)	Temp. máxima do aire (°C)	Temp. mínima do aire (°C)	Humidade relativa media (%)	Temp. de Orballo (°C)	Temp. media das máximas (°C)	Temp. media das mínimas (°C)
Xaneiro	10,3	16,2	2,7	80	6,8	13,8	7,4
Febreiro	9,4	17,3	0,3	69	3,7	12,9	5,9
Marzo	13	24,8	4,9	65	6,2	17,8	9
Abril	11,4	18,5	5,1	75	6,9	14,3	8,6
Maio	15,9	28	8,8	73	10,7	20	12,6
San Xoán	17,5	33,2	11	76	12,9	21,3	14,4
Santiago	18,5	27,9	12,4	75	13,9	22	15,5
Agosto	19,8	29,8	13,1	74	14,7	23,8	16,7
Setembro	18,8	29,1	10,7	72	13,4	23	15,4
Outubro	16	25,4	7	75	11,4	19,8	12,8
Novembro	12,1	23,1	6,1	75	7,6	15,3	9,2
Nadal	12	17,9	3,9	77	8,1	14,7	9,9

Ano 2012

	Chuvia (L/m2)	Humidade relativa máxima media (%)	Humidade relativa mínima media (%)	Data da Temp. máxima ()	Data da Temp. mínima ()	Días de xeada (Días)
Xaneiro	48,6	91	62	25/01/2012	16/01/2012	0
Febreiro	24,4	83	51	24/02/2012	04/02/2012	0
Marzo	26,4	83	44	27/03/2012	06/03/2012	0
Abril	167,5	89	59	01/04/2012	05/04/2012	0
Maio	79	88	55	10/05/2012	20/05/2012	0
San Xoán	96,4	92	58	01/06/2012	18/06/2012	0
Santiago	35,2	90	60	17/07/2012	12/07/2012	0
Agosto	34,6	89	56	17/08/2012	07/08/2012	0
Setembro	39	87	54	07/09/2012	27/09/2012	0
Outubro	90,4	90	57	08/10/2012	28/10/2012	0
Novembro	227,2	90	57	15/11/2012	13/11/2012	0
Nadal	158,2	88	64	22/12/2012	02/12/2012	0

A temperatura media anual é de 14,84°C. As temperaturas non manifestan grandes variacións ao longo do ano.

A precipitación media anual da estación estudada dende o ano 1980 ata 2009 é de 1.014,30 mm.

Segundo estes datos, o municipio presenta un inverno con temperaturas suaves e un verán fresco, ademais de ter as precipitacións repartidas ao longo de todo o ano. Todas elas son características típicas dun clima suavizado por unha importante influencia oceánica.

1.4 Solo

O substrato litolóxico está constituído principalmente por rocas esquistas da denominada Serie de Ordes; nos vales dos ríos se presentan aluviós e coluviós. Os solos orixinados, en xeral, son solos profundos de texturas francas a franco limosas, permeables e ben aireados.

Debido a que a parcela fai moitos anos que pertence a familia e coñecemos os usos que se lle deron non procederemos a realizar unha analítica do solo, xa que sabemos como responden os diferentes cultivos, e nunca se lle deu un uso intensivo.

Na parcela podemos atopar dous tipos de solo:

- Terreo dedicado actualmente a horta que co paso do tempo modificouse tanto o seu pH, que actualmente é de 7, con enmendas de compós el cal magnésica, como a súa estrutura franca con aportes de toxo e area de granulometría media.
- O resto da parcela ten un pH de 6 e a súa estrutura é franco-arcillosa.

A medición realizouse cun medidor de pH.

1.5 Auga

A auga que se utilizará tanto para o rego como para consumo procede do pozo artesán ubicado na parcela. Para coñecer as características da auga procedente deste pozo , dado que podería filtrarse calquera tipo de contaminante, realizase unha analítica de augas anual.

O informe da última analítica é o seguinte:

FECHA TOMA DE MOSTRA: 10/11/2013

FECHA ANÁLISIS: 12/11/2013

FECHA EMISIÓN INFORME: 13/11/1013

ORIGEN DA AGUA ANALIZADA: Pozo de auga de consumo

PARÁMETROS QUÍMICOS ANALIZADOS:

AMONIO: 0,020mg/L

NITRATOS: 8,48 mg/L

NITRITOS: 0,028 mg/l

CLORUROS: 36,1 mg/L

CONDUCTIVIDAD: 281 μ S/cm

pH: 6,54 (20°C)

PARÁMETROS MICROBIOLÓXICOS ANALIZADOS:

COLIFORMES TOTALES: 0 UFC/100mL

COLIFORMES FECALES: 0 UFC/100mL

ESCHERICHIA COLI: 0 UFC/100mL

ESTREPTOCOCOS FECALES: 0 UFC/100mL

INTERPRETACIÓN DOS RESULTADOS:

Baseándose nos criterios establecidos pola normativa vixente (Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano), a auga analizada es APTA para o consumo.

2 NORMATIVA APLICADA A ESTA ACTIVIDADE

- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. DOG do 10 de febreiro de 1995.
- Decreto 68/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental. DOG do 2 de maio de 2006.
- Decreto 78/2001 do 22 de marzo, polo que se crea o Observatorio Galego de Educación Ambiental. DOG do 19 de abril de 2001.
- Decreto 32/2001 do 25 de xaneiro, polo que se crea o Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental de Galicia e regúlanse as condicións de inscrición. DOG do 14 de febreiro de 2001.
- Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude. DOG do 10 de marzo de 2000.
- Decreto 223/1996 do 30 de maio, polo que se regulan as actividades ao aire libre dirixidas á xuventude no territorio da Comunidade Galega. DOG do 10 de xuño de 1996
- Orde ECI/228/2006, do 11 de xaneiro, pola que se convocan axudas para participar no programa de integración « aulas de natureza » durante o período comprendido entre o 1 de xullo e o 14 de agosto de 2006. BOE do 7 de febreiro de 2006.
- Orde do 23 de marzo de 2005 pola que se establecen axudas para a educación ambiental para o ano 2005. DOG do 1 de abril de 2005.
- Orde do 28 de marzo de 2001 pola que se aproba a Carta Galega de Calidade dos Centros de Educación Ambiental. DOG do 9 de abril de 2001.

- Resolución do 3 de outubro de 2000 pola que se publica a estratexia galega de Educación Ambiental. DOG do 23 de outubro de 2000.

As granxas escola, ao igual que calquera outra empresa, están obrigadas a cumprir a lexislación existente en materia de Prevención de Riscos Laborais, lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais, e en canto as construcións aplicaráselle o Real Decreto 556/1989, de 19 de maio, por o que se arbitran medidas mínimas sobre accesibilidade nos edificios.